

CIRCULAR 109/2017

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA PROMESA/Sub23 DE PISTA CUBERTA **CAMPIONATO DE GALICIA 1500 E 3000 XUVENIL/Sub18 E JUNIOR/Sub20** **PISTA CUBERTA**

A Coruña, 21 de Xaneiro do 2018

Art.1).- A F.G.A organizará o **Campionato de Galicia Promesa/Sub23 de Pista Cuberta e o Campionato de Galicia de 1500 e 3000 de Xuvenil/Sub18 e Junior/Sub20 de Pista Cuberta** que terá lugar no Pazo de Deportes de Riazor na Coruña o domingo día **21 de Xaneiro** do 2018.

Art. 2).- Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.*

** Os atletas non galegos que non teñan ficha dilixenciada pola FGA ou os atletas fichados por un club galego que non teñan ficha dilixenciada pola FGA poderán participar nos Campionatos de Galicia cuxo regulamentos o permita pero non poderán proclamarse campións de Galicia ni terán acceso a medalla oficial si se clasificaran en postos que deran dereito a elo. En ningún caso poderan quitar praza na mellora ou final correspondente a outro atleta.*

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata o martes 16 de xaneiro do 2018.**

Art.4).- Os atletas deberán confirmar a súa participación e recoller o seu dorsal ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, poderase non ser admitirá a participación do atleta.

Art.5).- Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados do Campionato da categoría promesa, e xuvenil e junior nas probas de 1500 e 3000, sendo obrigatorio cumprir o protocolo de premios para subir ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6).- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás na pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7).- Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias e non participase na rolda seguinte ou ben que confirmara a inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo comité técnico.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: secretaria@atletismo.gal

Páxina Web: <http://www.atletismo.gal> e <http://www.carreirasgalegas.com>



Art.8.)- En tódalas carreiras, a confección das series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada, ou no seu defecto na tempada anterior. Antes da saída, comunicárase ós/ás participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda en caso de que a houbese, decidida pola organización

Art.9) Limitacións de probas na categoría xuvenil: Só poderán **inscribirse** en unha das probas programadas (ou na proba de 1500 ou na de 3000).

Art.10.)- Na cámara de chamadas será obrigada a presentación na mesma, debidamente acreditados mediante licenza, D.N.I, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras:	10min antes da hora oficial da proba
Carreiras valadas:	15min antes da hora oficial da proba
Concursos (agás pértega):	30min antes da hora oficial da proba
Pértega:	45min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.

Os atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man o gardada.

Art.11.)- A cadencia das alturas publicarase conxuntamente ca lista de inscritos.

Art.12.)- As distancias das táboas decidiranse en función das marcas dos participantes (máximo 2)

Art.13.)- *Marcas mínimas*

MÍNIMAS CAMPIONATO PROMESA (Sub23)					
MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2016/17 (desde 31/03/2017)			MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2017/18 AO AIRE LIBRE OU PISTA CUBERTA		
PROBA	HOMES	MULLERES	PROBA	HOMES	MULLERES
100	11.80	13.90	50	6.50	7.80
200	24.00	28.50	60	7.70	8.50
400	53.00	1.06.00	200	25.00	29.00
800	2.03.00	2.35.00	400	54.00	1.10.00
1.500	4.15.00	5.20.00	800	2.06.00	2.42.00
3.000	9.10.00	12.00.00	1.500		
5.000	16.00.00	19.30.00	3000	4.20.00	5.25.00
110v	18.00	19.00	50v	9.25.00	12.10.00
400v	1.04.00	1.15.00	60v	9.00	9.50
3.000 Obs.	10.30.00	13.15.00		10.50	11.25
Lonxitude	6.15	4.70	Lonxitude	5.90	4.55
Triple Salto	11.40	10.10	Triple salto	11.30	10.00
Altura	1.70	1.43	Altura	1.65	1.42
Pértega	3.30	2.45	Pértega	3.20	2.40
Peso	11.90	9.50	Peso	11.50	8.25

MÍNIMAS CAMPIONATO JUNIOR/Sub 20					
MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2016/17 (desde 31/03/2017)			MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2017/18 AO AIRE LIBRE OU PISTA CUBERTA		
PROBA	HOMES	MULLERES	PROBA	HOMES	MULLERES
1500	4.20.00	5.25.00	1500	4.25.00	5.30.00
3000	9.20.00	12.00.00	3000	9.35.00	12.10.00



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: secretaria@atletismo.gal

Páxina Web: <http://www.atletismo.gal> e <http://www.carreirasgalegas.com>



MÍNIMAS CAMPIONATO XUVENIL/Sub 18					
MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2016/17 (dende 31/03/2017)			MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2017/18 AO AIRE LIBRE OU PISTA CUBERTA		
PROBA	HOMES	MULLERES	PROBA	HOMES	MULLERES
1500	4.25.00	5.25.00	1500	4.30.00	5.30.00
3000	9.40.00	12.00.00	3000	10.00.00	12.15.00

Art.14).-Horario provisional da competición (o horario pode sufrir modificacións en función das inscricións)

HORARIO DO CAMPIONATO						
Primeira Xornada						
50 Mulleres	CONTROL	cadete-sub16 e sup	11.00	Triplo	Homes	FINAL
			11.15	Pérttega	Homes	FINAL
50 Homes	CONTROL	cadete-sub16 e sup	11.30	Altura	Mulleres	FINAL
				Peso	Mulleres	FINAL
600 Mulleres	CONTROL	cadete-sub16	12.00			
600 Homes	CONTROL	cadete-sub16	12.10			
50	Mulleres	Semifinal	12.20			
50	Homes	Semifinal	12.30			
1.500	Mulleres	FINAL Pr-Jn-Xv	12.45	Triplo	Mulleres	FINAL
				Peso	Homes	FINAL
1.500	Homes	FINAIS Pr-Jn-Jv	13.00			
200	Mulleres	Semifinais	13.15			
200	Homes	Semifinais	13.30			
800	Mulleres	Semifinais	13.45			
800	Homes	Semifinais	13.55			
Segunda Xornada						
50v	Homes	Semifinais	16.30	Lonxitude	Homes	FINAL
50v	Mulleres	Semifinais	16.45			
3000	Mulleres	FINAL	16.55	Altura	Homes	FINAL
3000	Homes	FINAL	17.25	Pérttega	Mulleres	FINAL
50v	Mulleres	FINAL	17.55	Lonxitude	Mulleres	FINAL
50v	Homes	FINAL	18.05			
200	Mulleres	FINAL	18.15			
200	Homes	FINAL	18.20			
800	Mulleres	FINAL	18.30			
800	Homes	FINAL	18.40			
50	Mulleres	FINAL	18.50			
50	Homes	FINAL	18.55			
400	Mulleres	FINAL A-B	19.05			
400	Homes	FINAL A-B	19.20			

- Nas probas de 1500 e 3000 realizaranse varias series en función dos inscritos. As series realizaranse por marcas independentemente da categoría.

Art. 15).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: secretaria@atletismo.gal

Páxina Web: <http://www.atletismo.gal> e <http://www.carreirasgalegas.com>



(direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.16).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas técnicas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, a 26 de decembro de 2017



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: secretaria@atletismo.gal

Página Web: <http://www.atletismo.gal> e <http://www.carreirasgalegas.com>

